

galicia

Parques Naturais de Galicia
O Invernadeiro

*Experiencias
en plena
natureza*

Natureza en estado puro




SEN RASTRO DO SER HUMANO

Enclavado no Macizo Central ourensán, este espazo protexido ocupa 6.000 hectáreas nas que non existen asentamentos humanos na actualidade, pero numerosos elementos de patrimonio etnográfico e industrial dan mostras da vida das xentes que habitaron este lugar.

Visita estas serras para coñecer o lobo e as súas principais presas, o corzo e o xabaril. A sucesión de profundos vales e redondos cumes é froito de épocas pasadas que deron lugar a un sorprendente circo glaciar e a impresionantes fervezas

que se poden observar dende o alto das barrancas.

Dous ríos configuran principalmente este territorio: Ribeira Grande e Ribeira Pequena. Sobre eles descargan numerosos cursos de auga que desembocan no río Camba e terminan no río Sil.



ACCESOS:

Dende Verín tómase a comarcal OU-113, para desviarse pola 04-114 e chegar a Campobecerras. Dende aquí accédese ao Parque por unha pista forestal asfaltada de 8 quilómetros. Admítense un máximo de 30 visitantes por día, que necesitan un permiso administrativo para poder acceder ao terreo protexido.





**MÁIS INFORMACIÓN SOBRE O PARQUE E AS
EXPERIENCIAS QUE CHE PROPOÑEMOS EN:**

Centro de Recepción do Parque Natural do
Invernadeiro
Ribeira Pequena, s/n. 32547 Vilariño de Conso
Contactar antes:
T. 988 386 376 - 988 386 029

*A interpretación da vida natural
nunca foi máis accesible.*



DESCUBRINDO VIDA SALVAXE

O Invernadeiro é unha das mellores aulas da natureza da comunidade galega. Non perdas a oportunidade de visitar o espazo divulgativo dedicado a esta temática na Ribeira Grande.

Na Ribeira Pequena destaca a ruta dos cercados, que nos achega aos espazos onde habitan varias especies como cervos, cabras montesas, gamos, rebezos e carneiros bravos. Estas instalacións facilitan o control das poboacións e fan da súa observación unha das experiencias de máis grato

recordo entre os visitantes.

Se es afortunado, poderás descubrir algunhas das familias de lobos existentes. Aguias, falcóns e voitres negros son exemplares que poderás avistar cos teus prismáticos, un indispensable para meter na túa mochila se visitas este espazo protexido.



Descubre o pracer de perderte sabendo en todo momento cal é o teu destino.



SENDEIRISMO POR O INVERNADEIRO

Camiñar por este lugar será o máis parecido a sentirse illado/a do mundo que te rodea. Calquera das rutas propostas pódese converter nun momento máxico ao compartir a túa experiencia coa fauna que habita o Parque. Recomendámosche que te fagas acompañar por un guía, debido ao seu grande interese botánico, faunístico e xeomorfolóxico.

A Ruta de Aceveda ofrece espectaculares panorámicas do val de Ribeira Pequena e conta con varios bosques de acivros no seu percorrido. A Ruta da Auga e das Troitas pódense combinar dende a Aula da Natureza de Ribeira Grande.



				
Ruta da Auga	BAIXA	4 Km	2 h	CIRCULAR
Ruta do Valdeirexa ou dos Cercados	MEDIA/ ALTA	3 Km	2 h	CIRCULAR
Ruta das Troitas	BAIXA	3,5 Km	2 h	CIRCULAR
Ruta da Ortiga	ALTA	22 Km	7 h	CIRCULAR
Ruta da Corga ou do Depósito	ALTA	2 Km	1,30 h	CIRCULAR
Ruta da Aceveda	MEDIA	8 Km	3,30 h	CIRCULAR

Descubre a contorna do Parque do Invernadeiro a pedais.



CENTRO BTT PORTAS DE GALICIA

Na contorna do Parque existe un Centro BTT con doce percorridos que suman un total de 244 quilómetros e transcorren polos municipios da Gudiña, A Mezquita, Riós, Viana do Bolo e Vilariño de Conso. Existe a posibilidade de realizar unha gran ruta por etapas dende Riós ata Viana do Bolo. Para os que buscan unha opción máis sinxela, recomendámosche a Ruta Encoro do Vao en Vilariño de Conso e a Ruta As Telleiras en Viana do Bolo. Nos Puntos de Acollida poderás alugar bicicletas e cascos, así como utilizar os servizos de punto de lavado e duchas de forma gratuíta.



- R1. **Ruta das Carballerías** 13 km.
- R2. **Ruta de Valmedo** 21 km.
- R3. **Conexión Riós-Barxa** 28,7 km.
- R4. **Ruta de Pena Maseira** 44 km.
- R5. **Ruta dos Tres Reinos** 23,3 km.
- R6. **Ruta Os Castros** 22,4 km.
- R7. **Conexión A Gudiña-Entrecinsa** 19,3 km.
- R8. **Ruta do Val do Río Conso** 18,9 km.
- R9. **Ruta do Encoro do Vao** 7,8 km.
- R10. **Conexión Vilariño de Conso-Viana do Bolo** 16 km.
- R11. **Ruta As Telleiras** 12 km.
- R12. **Ruta A Escrita** 17,8 km.

PUNTOS DE ACOLLIDA :


CASA DA VIÚVA

Beato Sebastián de Aparicio, 40. 32540 A Gudiña
T. 988 594 003 • 696 820 722

CASA DA CULTURA

Ferradal s/n. 32550 Viana do Bolo
T. 988 329 168 • 638 847 602





A Cenza

1613
▲
Castelo Grande

Corgo de Aguiçenza

Regato Casarelo

A Mallada da Ramallosa

Corgo do Fuxo Negro

Val do Figueiro

1497
▲
Cabezas da Corga Seca

Corga Cenzoa

O Rocin

1551
▲
Cabeza da Veiga do Fial

Corga de Teixeira

LAZA

Os Fomallos

1452
▲
Penedo da Biduela

Rebezo

Cabra brava

1399
▲
Altos da Veiga de Meda

1409
▲
Alto da Cernada

O Birlauto

Cervo

1273
▲
Porto das Rubias

1374

Cabeza da Fonte do Fuxo do Can

Rego da Ribeira Pequena

Rego da Videira

Corgo da Touza

Rego Corcoteo

Casas da Ribeira Pequena

A Ribeira

1359
▲
Cabeza do Lombo Grande

CAMPOBECERROS

ENTRADA PARQUE






-  Información / Información
-  Aula da Natureza / Aula de la Naturaleza
-  Vistas panorámicas / Vistas panorámicas
-  Fonte / Fuente
-  Área recreativa / Área recreativa
-  Encoro / Embalse
-  Patrimonio cultural / Patrimonio cultural

-  Límite Parque Natural
-  Pista principal
-  Cercados
-  Estradas / Carreteras

Rutas Parque Natural do Invernadeiro

-  1 Ruta do Valdeirexa ou dos Cercados
-  2 Ruta da Aceveda
-  3 Ruta das Troitas
-  4 Ruta da Auga
-  5 Ruta da Corga ou do Depósito
-  6 Ruta da Ortiga

-  RESERVA INTEGRAL
-  PROTECCIÓN ESPECIAL
-  USO PÚBLICO RESTRINXIDO



Paquetes turísticos



Benvido á autenticidade do Invernadeiro

Sherpa Project, consultora especializada en turismo, seleccionou algunhas das mellores experiencias para que a túa viaxe sexa inesquecible. A través de Viajes Tambre - **Aventuras en Galicia** poderás reservar os programas que che presentamos.

Faite protagonista da túa propia experiencia, ou busca máis información doutros servizos turísticos en contacto coa natureza na páxina web de Turismo de Galicia.

Condições dos paquetes turísticos:

- * Os prezos que se indican son por persoa en réxime de AD e cuarto dobre. IVE incluído en todos os servizos.
- * Oferta suxeita a dispoñibilidade e temporada do ano.
- * Algunhas actividades poden esixir un grupo mínimo.

Máis información e reservas:

info@aventurasengalicia.com · T. 981 561 785

PROGRAMAS O INVERNADEIRO EN 2 DÍAS

Ruta ciclointerpretativa



Ruta en bicicleta de paseo.
Estancia en Hacienda Airabella.

Unha experiencia activa para coñecer todos os valores naturais do Invernadeiro.


Nesta ruta en bicicleta realizaremos varias paradas observar a fauna e atender as explicacións dos aspectos básicos sobre o Parque a cargo dos guías de Bilurico. Tamén poderás percorrer a pé a denominada Ruta das Troitas, un pequeno carreiro xunto ao río que conduce ao edificio que alberga o laboratorio de troitas onde se poden observar os enxeños colocados no río para a desova desta especie.

Na Hacienda Airabella, unha antiga casa de labranza con feitiño de casa reitoral, poderemos relaxarnos e gozar da paz da aldea de Seoane de Abaixo.

CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO + RUTA CICLOINTERPRETATIVA.

Prezo dende 60€/persoa.

Consultar condicións do paquete turístico.



PROGRAMAS O INVERNADERO EN 2 DÍAS

Visita ao Macizo Central en BTT



Ruta en bicicleta de montaña.
Estancia en Hotel-Spa Vilavella.

Unha ruta en bicicleta combinada cun tratamento spa

Dá principio á xornada realizando algunha das rutas do Centro BTT Portas de Galicia máis próximas ao Parque. Dende Vilavella pódeste desprazar ata Vilariño de Conso, visitar coa túa bicicleta a aldea de Edrada e gozar das panorámicas do Invernadeiro. Nos Puntos de Acollida da Gudiña e Viana do Bolo poderás alugar o material necesario, así como acceder ao servizo de vestiarios e duchas totalmente gratuíto. Tras a ruta, nada mellor que gozar do spa no Hotel Vilavella

para recuperar forzas e finalizar a xornada degustando a gastronomía local, da que che recomendamos probar a carne da raza frieirasa, moi popular na zona.

**CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO +
RUTA BTT + ACCESO SPA.**

Prezo dende 105€/persoa.

Consultar condicións do paquete turístico.



PROGRAMAS O INVERNADEIRO EN 2 DÍAS

Expedición fotográfica



Curso de fotografía de natureza.
Estancia en Hotel-Spa Vilavella.

Queres levar os mellores records das túas visitas á natureza? O Invernadeiro agocha tesouros fotográficos que esperan ser descubertos.

Ven capturar increíbles imaxes namentres perfeccionas as túas destrezas e técnicas de fotografía, sexa cal for o teu nivel de coñecemento.

Unha saída fotográfica temática que che permitirá achegarte a zonas de gran valor natural e fotográfico, tirándolle todo o partido á túa cámara.

Poderás aprender e practicar distintas técnicas fotográficas na compañía dun fotógrafo profesional. É necesario traer o teu propio equipo de fotografía.

CEA + 1 NOITE DE ALOXAMENTO + ALMORZO + CURSO FOTOGRÁFICO + ACCESO SPA.

Prezo dende 140€/persoa.

Consultar condicións do paquete turístico.





Non deixes de ver

Unha selección de catro visitas obrigadas que non te deixarán indiferente e que encarnan a esencia do Parque Natural O Invernadeiro

A fauna e flora

Non perdas a oportunidade de visitar un dos santuarios da fauna galega e unha das súas principais reservas botánicas.



Río Ribeira Grande

Escolle a Senda da Auga ou das Troitas para descubrir o espectacular ecosistema fluvial do río Ribeira Grande.



Aula de Natureza

Se es un amante da natureza, non podes deixar de visitar no Parque este espazo cunha área expositiva permanente.




Cantina de Papelera Española

Reconvertida nun pequeno museo que rememora a época na que máis de 400 habitantes da zona traballaban na industria papeleira.



Faite co pasaporte de Parques Naturais de Galicia

Infórmate das vantaxes que che ofrece e síguenos en:
#GaliciaNaturaleÚnica



Parques Naturais de Galicia | Baixa Limia Serra do Xurés

O maior Parque de Galicia en plena fronteira con Portugal. As súas serras escarpadas de granito e os seus maxestosos bolos de pedra danlle un carácter diferente a outros espazos protexidos. Conta con moitos monumentos megalíticos e o testemuño do paso dos lexionarios romanos pola calzada XVIII ou Vía Nova.



Parques Naturais de Galicia | Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

A duna móbil máis grande do noroeste peninsular, cunha extensión de máis de 1 quilómetro de lonxitude, 250 metros de ancho e unha altura de 20 metros. Son de grande interese a lagoa de auga doce de Vixán e a lagoa de auga salgada de Carregal, que mantén a comunicación co mar.



Parques Naturais de Galicia | Serra da Enciña da Lastra

A aciñeira, unha árbore propia de climas mediterráneos, xunto coas súas 25 especies diferentes de orquídeas convérteno nunha excepción dentro da paisaxe galega. Referente para os amantes da espeleoloxía debido á existencia dun gran número de covas que aquí se coñecen como 'palas'.



Parques Naturais de Galicia | Monte Aloia

Primeiro Parque Natural de Galicia que contou cunha reforestación feita á medida polo enxeñeiro Rafael Areses. As lendas afirman que se trata do Monte Medulio, escenario do suicidio colectivo das tribos celtas antes de caeren nas mans dos romanos.



Parques Naturais de Galicia | Fragas do Eume

O bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa. O río Eume e os mosteiros de Caaveiro e Monfero son os seus principais atractivos. Un bosque máxico que agocha nas ribeiras húmidas máis de 20 especies de fentos e 200 de líques.

RECOMENDACIÓNS

Deixa o vehículo nos estacionamentos habilitados.

Arrincar flores e plantas está prohibido, ademais de poñer en perigo especies singulares.

Antes de faceres unha ruta, comproba a dificultade e o tempo que debes investir nela.

En moitos dos Parques Naturais organizan visitas guiadas e interpretadas gratuítas. Chama antes.

Camiña polos sendeiros habilitados.

Non está permitida a acampada libre nin pasar a noite con caravanas.

Fai un uso responsable do lixo; se non hai contedores, gárdao ata que atopes un.

Non está permitido o baño fóra das zonas habilitadas.

Apps gratuítas:



Sendegal
Parques naturais
Birding galicia

EMERXENCIAS

Urxencias 112
Seprona 062
Incendios forestais 085



www.turismo.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Parques
Naturais de Galicia

galicia
o bo camiño



XUNTA
DE GALICIA



Aloxamentos · Alojamentos · Accommodation



ALBERGUE TURÍSTICO · TOURIST HOSTEL

FUNDACIÓN CIPRI GÓMES ★★★
Nicolás Tenorio, 32, Viana do Bolo (Santa María), 32550, Viana do Bolo
T. 988 329 283
correo@fundacionciprigomes.com



APARTAMENTOS · APARTMENTS

O BOLAÑO 🐾
Venta do Bolaño, 32557, Vilariño de Conso
T. 988 421 005
apartamentosruralesobolano@gmail.com



HOTEIS · HOTELES · HOTELS

O RETORNO ★
Mazairas, 2, Viana do Bolo (Santa María), 32550, Viana do Bolo
T. 988 340 415
T. 616 422 862

VILA DE VIANA ★
Praza Maior, 12, Viana do Bolo (Santa María), 32550, Viana do Bolo
T. 988 329 205
T. 638 715 253
viladeviana@gmail.com
www.hotelviladeviana.com

MIRADOR DA RIBEIRA ★
Santo Cristo, 12, Viana do Bolo (Santa María), 32550, Viana do Bolo
T. 619 562 125
miradordaribeira@gmail.com

BRUMA II ★★
Beato Sebastián Aparicio, 8, 32540, A Gudiña
T. 988 421 121
info@hotelbruma.es
www.hotelbruma.es

HACIENDA AIRABELLA ★
Caldesiños (Santa Cristina), 56-58, Seoane de Abaixo, 32554, Viana do Bolo
T. 659 524 133
info@haciendaairabella.es
www.haciendaairabella.es

SPA VILAVELLA ★★★★★
A Vilavella (Santa María da Cabeza), s/n, 32549, A Mezquita
T. 988 425 674
comercial@hotelspavilavella.com
www.hotelspavilavella.es

PORTA GALEGA ★
N-525, Km 118,5, A Vilavella (Santa María da Cabeza), 32549, A Mezquita
T. 988 525 593

MESON DE EROSA ★
A-53 salida 132, Pentas (San Mamede), 32540, A Gudiña
T. 988 421 309
meson_erosa@yahoo.es
www.mesonerosa.es

SUIZO-2 ★
N-525, km.132, A Gudiña (San Martiño e San Pedro), 32540, A Gudiña
T. 988 421 066

EL RELOJERO ★
Ctra. 524 Km 443, A Gudiña (San Martiño e San Pedro), 32540, A Gudiña
T. 988 421 139
hotelrelojero@gmail.com



PENSIÓNS · PENSIONES · PENSIONS

O CARRIZO ★
O Pereiro, s/n, O Pereiro (San Pedro), 32548, A Mezquita
T. 988 425 591
sol_rima@hotmail.es
www.restauranteocarrizo.es

O CAZADOR ★
N-525, Km. 123, O Pereiro (San Pedro), 32549, A Mezquita
T. 988 425 596
restaurantecazadorjm@hotmail.com
www.restaurantepensioncazador.com

AUGAS MANSAS ★
Estda. A Gudiña-Viana do Bolo, 15, Bembibre (Santo André), 32550, Viana do Bolo
T. 988 340 268

DON PEPE 2 ★
N-525, Km.425, 32549, A Mezquita
T. 988 425 597

LA MADRILEÑA
Beato Sebastián Aparicio, 146, A Gudiña (San Martiño e San Pedro), 32540, A Gudiña
T. 988 421 030

OSCAR
N-525, Km. 131, A Gudiña (San Martiño e San Pedro), 32540, A Gudiña
T. 988 421 014

O MARCO LONGO ★★★
A Faceira, s/n, 32557, Vilariño de Conso
T. 988 329 200
manuboteiro@hotmail.com
www.omarcolongo.com



TURISMO RURAL · RURAL TOURISM

A NOSA CASA ★★
Libertade, 2, 32550, Viana do Bolo
T. 988 329 317
anosacasaviana@gmail.com



VIVENDAS TURÍSTICAS · VIVIENDAS TURÍSTICAS · TOURIST HOUSING

CASA QUINA G. B
San Martiño, s/n, A Mezquita (San Martiño), 32549, A Mezquita
T. 988 423 534

A PARADA
Cemiterio, s/n, Punxeiro (San Marcos), 32550, Viana do Bolo
T. 676 014 733

CASA DO LAGO
Maior, 36, 32540, A Gudiña
T. 609 300 318
dlagocabo@gmail.com





Restaurantes · Restaurants



RESTAURANTES · RESTAURANTS

CHURRASCO DE ORO 4ª Cat. †

N-525, A Gudiña (San Martiño e San Pedro), 32540, A Gudiña
T. 988 421 129

SUIZO-2 4ª Cat. †

N-525, s/n, A Gudiña (San Martiño e San Pedro), 32540, A Gudiña,
T. 988 421 066

O CARRIZO 4ª Cat. †

O Pereiro, s/n, O Pereiro (San Pedro),
32548, A Mezquita
T. 988 425 591
sol_rima@hotmail.com
www.restauranteocarrizo.com

O CAZADOR 4ª Cat. †

N-525, Km. 123, O Pereiro (San Pedro),
32549, A Mezquita
T. 988 425 596
restaurantecazadorjm@hotmail.com
www.restaurantepensioncazador.com

AUGAS MANSAS 4ª Cat. †

As Telleiras, 2, Viana do Bolo (Santa María), 32550, Viana do Bolo
T. 629 294 197

OSCAR 3ª Cat. ††

N-525, nº130, A Gudiña (San Martiño e San Pedro), 32540, A Gudiña
T. 988 421 014

RELOJERO 3ª Cat. ††

N-525, Km. 443, s/n, A Gudiña (San Martiño e San Pedro), 32540,
A Gudiña
T. 988 594 033
hotelrelojero@gmail.com

DON PEPE 2 3ª Cat. ††

N-525, Km. 425, O Pereiro (San Pedro),
32548, A Mezquita
T. 988 425 597

PORTA GALEGA 3ª Cat. ††

N-525, Km. 118, A Vilavella (Santa María da Cabeza), 32549,
A Mezquita
T. 988 425 593
www.portagalega.es

BRUMA II 3ª Cat. ††

Beato Sebastián Aparicio, 8, Pentes (San Mamede), 32540, A Gudiña
T. 988 421 121
info@hotelbruma.es
www.hotelbruma.es

ESTACIÓN 4ª Cat. †

Estación Renfe, s/n, A Mezquita (San Martiño), 32590, A Mezquita
T. 608 012 739

STOP 4ª Cat. †

Estrda. San Agustín, 2, 32550,
Viana do Bolo
T. 630 763 687

O MARCO LONGO 4ª Cat. †

A Faceira, s/n, 32557, Vilariño de Conso
T. 988 329 200
www.omarcolongo.com

MESÓN DE EROSA 3ª Cat. ††

A-53, Salida 132, Pentes (San Mamede), 32540, A Gudiña
T. 988 421 309
meson_erosa@yahoo.es
www.mesonerosa.es

A NOSA CASA 4ª Cat. †

Libertade, 2, 32550, Viana do Bolo
T. 988 329 317
anosacasaviana@gmail.com



Turismo de Galicia

www.turismo.gal



Parques
Naturais
de Galicia | O Invernadeiro